



Concello de O Incio

BASES REGULADORAS PARA O ARRENDAMENTO DAS VIVENDAS MUNICIPAIS SITAS NA RÚA RODEIRO DE A CRUZ DO INCIO

1.- OBXECTO DO CONTRATO

As presentes bases teñen por obxecto o arrendamento da vivendas municipais dispoñibles situadas na rúa Rodeiro de A Cruz do Incio. No momento da convocatoria só hai unha vivenda dispoñible. No caso de quedar novas vivendas valeiras no prazo de dous anos dende a resolución deste concurso, adxudicaranse aos seguintes aspirantes que reúnan as condicións esixidas por orde da puntuación acadada.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das vivendas aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

A) Xustifiquen que a vivenda será para o seu uso habitual, dado que a residencia no municipio debe ser efectiva. Este punto será verificado periodicamente polos servizos municipais.

B) Non dispoñer de vivenda en propiedade no municipio ou xustificar que non se encontra en condicións de habitabilidade. O primeiro dos casos acreditarase cun certificado negativo de catastro e o segundo cun informe dos servizos técnicos municipais.

C) Non ter, a unidade familiar, uns ingresos superiores a 3,5 veces o IPREM.

3. -PRAZO

O prazo do contrato de arrendamento axustarase o establecido na Lei 29/1994 de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbanos. O prazo inicial do contrato de vivenda será dun ano, prorrogable a instancias do arrendatario, ata un máximo de tres anos incluído o período inicial.

4.- RENDA

O importe da renda fíxase en 1221,24 euros/ano é dicir nunha renda mensual de 101,77euros/mes pagadeiros dentro dos cinco primeiros días de cada mes.

5.- SOLICITUDES

O procedemento iníciarase mediante a cumprimentación da solicitude de acceso a unha vivenda municipal no réxime de arrendamento dentro do prazo de 15 días naturais a contar dende a publicación do anuncio no perfil do contratante, mediante o



Concello de O Incio

modelo que figura no ANEXO I

6.- DOCUMENTACIÓN

A solicitude deberá acompañarse dos seguintes documentos:

- 1) Fotocopia do DNI de tódolos compoñentes da familia ou unidade de convivencia.
- 2) Fotocopia do Libro de Familia. No caso das parellas de feito acreditación da súa inscrición no correspondente Rexistro.
- 3) No caso de estranxeiros, documento que acredite a súa residencia legal no territorio español.
- 4) Fotocopia da declaración da renda do ano anterior ou, no seu caso, certificación negativa de Facenda, respecto os membros da unidade familiar.
- 5) Certificación catastral, no seu caso, dos bens cuxa titularidade recaia en calquera dos membros da unidade familiar ou no seu caso, certificación negativa.
- 6) Xustificantes da situación laboral dos membros da unidade familiar (contratos de traballo, recibo de actividades de autónomos, documento que acredite, no seu caso a situación de desemprego, etc)
- 7) Documentos que acrediten, no seu caso, a escolarización dos fillos/as no Ceip Ricardo Gasset de O Incio ou compromiso de escolarizalos no Ceip do Incio.
- 8) Compromiso de estar empadroado no Concello do Incio na data da firma do contrato de arrendamento, ou en caso de estar empadroado, certificado de empadroamento.

7.- TRAMITACIÓN

Finalizado o prazo para a presentación de solicitudes, a Mesa de Contratación deberá reunirse o terceiro día hábil seguinte. A Mesa de Contratación analizará en primeiro lugar o cumprimento dos requisitos esixidos polo artigo 2 das presentes bases, facendo despois declaración de solicitantes incluídos e excluídos.

A continuación a Mesa valorará as solicitudes de acordo cos criterios fixados no artigo 9 das presentes bases e finalmente redactará unha proposta de adxudicación de vivendas ao licitador con maior puntuación.

A Mesa de Contratación poderá pedir documentación adicional ou xustificativa dos datos aportados polos interesados que estime oportuna, concedendo un prazo para presentala de cinco días naturais.

O órgano de contratación poderá separarse da proposta, ou adxudicar conforme a proposta presentada. En todo caso, os acordos deberán estar debidamente motivados.

O órgano de contratación requirirá ó licitador proposto pola Mesa ou o que considere máis adecuado para que no prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a

Concello de O Incio



Concello de O Incio

aquel en que reciba o requirimento presente a documentación acreditativa de constituír unha garantía definitiva polo importe da mensualidade de renda. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte por orden en que se clasificaran as ofertas pola Mesa. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. A adxudicación deberá ser motivada, notificarase os licitadores e ó mesmo tempo no perfil do contratante.

8- FORMALIZACIÓN

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo no prazo máximo de 15 días hábiles dende o seguinte a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación polos licitadores. Compromiso de empadroarse no prazo de 5 días naturais dende a firma do contrato de aluguer.

9.- VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A Mesa de Contratación, tendo en conta como limitación o número de vivendas dispoñibles, efectuará a proposta de adxudicación da vivenda referida os solicitantes que cumpran cos requisitos do artigo 2º, de acordo cos seguintes criterios:

A) Membros da unidade familiar: Ata 2 puntos

2 membros 1 punto

Máis de 2 membros 2 puntos

B) Membro solicitante de maior idade: Ata 3 puntos

De 20 a 30 anos: 3 puntos

De 31 anos a 40 anos: 2 puntos

De 41 a 50 anos: 1 punto

C) Por fillos/as menores de 12 anos: Ata 5 puntos

Por cada fillo/a menor de 12 anos: 1 punto

Por cada fillo/a menor de 8 anos: 2 puntos

10.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa estará composta por catro membros: A Sra. Alcaldesa, que a presidirá, como vocais o Secretario Interventor e un funcionario do Concello, actuando de Secretario un funcionario do Concello.

11.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

De acordo co disposto na Disposición Adicional 2º do Real Decreto Lexislativo de

Concello de O Incio



Concello de O Incio

3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido das Lei de Contratos do Sector Público o órgano de contratación é Alcaldía.

12.- GARANTÍA DEFINITIVA

O licitador proposto deberá consignar unha garantía definitiva polo importe dunha mensualidade de renda.

13.-RÉXIME APLICABLE DURANTE A VIXENCIA DO CONTRATO

O réxime xurídico aplicable os contratos que se celebren o amparo das vixentes Bases será o previsto para os arrendamentos de vivenda na Lei de Arrendamentos Urbanos vixentes no momento da súa aplicación.

14.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Serán causas de extinción do contrato de arrendamento as previstas na Lei de Arrendamentos Urbanos para os arrendamentos de vivenda así como a falta de ocupación efectiva da vivenda durante máis de seis meses ó ano do arrendatario e o cambio de empadroamento a outro municipio.



Concello de O Incio

ANEXO I

Don/Dona....., maior de idade, con DNI
núm....., e domicilio en, comparece
ante o Concello do Incio (Lugo),

EXPOÑENDO.

Que está interesado no arrendamento da vivenda que o Concello pretende adxudicar mediante concurso público.

Por isto e co fin de que poida ser avaliada a presente solicitude, acompañase a seguinte documentación:

(Sinalar cun X)

- Fotocopia do DNI de tódolos membros da unidade familiar.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Xustificante da inscrición no Rexistro de Parellas de Feito.
- Certificado de empadramento da unidade familiar ou compromiso de empadramento.
- Fotocopias das declaracións da renda da unidade familiar.
- No caso de estranxeiros, documento que acredite o permiso de residencia.
- No caso de ter nenos en idade escolar documento que acredite a escolarización.
- Número de conta para domiciliacións (pago de renda)
- Outros (indicar brevemente)

Conforme o exposto,

SOLICITA

Que, previa a correspondente valoración me sexa concedida a vivenda que se inclúe no concurso convocado polo Concello do Incio, para a súa utilización como vivenda habitual en réxime de aluguer.

En O Incio a de de 2017

Asdo.-